

XIX Edición

I+P

IDEAS PARA PRODUCIR

27 - 28 NOV 2025
CEI - A Coruña

ORGANIZA:



CLUSTER
AUDIOVISUAL
GALEGO

SUBVENCIONA:



Deputación
DA CORUÑA

COLABORADORES:



PEDRALONGA®
ESTUDIOS

AGAG\



crea
ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS
DA DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

PATROCINADORES:



Music
Library
&SFX

GADIS

Bases reguladoras da convocatoria da XIX Edición de I+P, IDEAS PARA PRODUCIR

1. INTRODUCCIÓN

O Clúster Audiovisual Galego organiza a 19ª EDICIÓN DO PITCHING I+P, IDEAS PARA PRODUCIR, que se celebrará na Coruña os días 27 e 28 de novembro de 2025.

Este foro profesional de exposición de proxectos audiovisuais busca a participación de todo o sector contribuíndo a manter a diversidade cultural e lingüística do noso país e a favorecer unha maior cooperación cultural entre as Comunidades Autónomas.

O 'I+P, Ideas para Producir' representa unha excelente oportunidade para a venda, financiación, distribución e coprodución de contidos para cine e televisión, e converteuse nun encontro de referencia para os profesionais do sector a nivel nacional, incrementándose cada edición o número de proxectos inscritos para participar neste foro.

2. DESCRICIÓN E OXECTIVO DA CONVOCATORIA

2.1 Obxectivo

O 'I+P, Ideas para Producir' ten como obxectivo reunir a produtores, guionistas e directores que teñan un proxecto de cine ou televisión, e que busquen alianzas empresariais de cara á súa coprodución, venda ou distribución, con directivos de canles de televisión e plataformas.

2.2 Desenvolvemento

A xornada de pitching da 19ª edición do 'I+P, Ideas para Producir' terá lugar o 28 de novembro de 2025 no CEI - Coruña Estudio Inmersivo da Coruña.

O I+P, IDEAS PARA PRODUCIR estrutúrase en:

1) Pitching. O día do pitching pola mañá, os 18 proxectos participantes no 'I+P, Ideas para Producir' disporán de 10 minutos cada un para presentarse diante de responsables de cine e televisión.

2) Reunións *one to one*. Pola tarde, os responsables dos proxectos e os socios do Clúster Audiovisual Galego que se rexistraran no I+P como asistentes sen proxecto poderán manter reunións, de 10 minutos de duración cada unha, cos "decision makers" que participen no pitching. Antes da celebración do evento, estes disporán dunha axenda de reunións cun número determinado de encontros concertados previamente pola organización, en base ás solicitudes formuladas e atendendo á dispoñibilidade dos "decision makers". Terán preferencia para solicitar reunións os proxectos participantes.

A axenda poderase ampliar o día do Pitching concertando *in situ* novas reunións con aqueles “decision makers” que teñan dispoñibilidade.

3) Networking nun evento de referencia a nivel nacional cunha participación superior a 100 persoas: autores, produtores, directivos de canles de televisión con capacidade de compra, provedores de servizos do sector audiovisual, institucións públicas de fomento do sector audiovisual.

3. CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os solicitantes deberán cumprimentar o formulario online dispoñible en www.clusteraudiovisualgalego.com e achegar en formato PDF aquela documentación do proxecto que consideren de interese para ser valorada polos membros do Comité de Selección.

O prazo para cumprimentar e enviar o formulario de inscrición cos documentos iniciárase o 21 de xullo de 2025 e finalizará o 30 de setembro de 2025, ás 14:00 horas.

O rexistro de proxectos para optar a participar no ‘I+ P, Ideas para Producir’ non ten custe.

Neste foro poderanse rexistrar os seguintes formatos de cine e televisión:

- Longametraxes de ficción, animación e documental.
- Series de ficción, animación e documental.
- Miniseries de ficción, animación e documental.
- Programas de televisión e outros formatos de entretemento.

Así mesmo, poderanse rexistrar varios proxectos por creador ou empresa e, como máximo, só poderá participar no ‘I+ P, Ideas para Producir’ un (1) proxecto por autor ou empresa.

Só se poderán enviar os materiais a través do formulario.

A documentación presentárase en español e en formato pdf. O tamaño máximo dos arquivos presentados telematicamente é de 35 MB. Tamén se poderá enviar documentación a través de ligazóns inseridas nos espazos habilitados para elo no formulario e facilitando as contrasinais correspondentes cando sexa necesario. Isto mesmo sucede para os arquivos de vídeo, que terán que enviarse a través de ligazóns inseridas no formulario.

A organización comprobará que as solicitudes reúnan todos os requisitos e comunicará ao mail facilitado no formulario de inscrición a correcta presentación dos proxectos. De ser necesario, requirirase ao solicitante por mail para que se subsanen os defectos advertidos na solicitude. O solicitante terá un prazo de tres días para realizar a subsanación. Non se poderán enviar materiais nin documentación fóra de prazo, salvo que sexa solicitado pola organización.

4. COMITÉ DE SELECCIÓN

O Comité de Selección estará constituído por tres membros da industria audiovisual de recoñecido prestixio, con carreiras consolidadas e proxectos recoñecidos polo gran público. Estes estarán coordinados por un membro da organización de I+P, IDEAS PARA PRODUCIR.

En total participarán na 19ª edición do I+P, IDEAS PARA PRODUCIR 18 proxectos atendendo aos seguintes criterios:

- Máximo 9 proxectos de socios e asociacións colaboradoras do Clúster Audiovisual Galego. A selección dos proxectos dos socios do Clúster realizarase por rigorosa orde de inscrición.
- Mínimo 9 proxectos dos inscritos na convocatoria xeral.

A organización dará a coñecer os integrantes do Comité de Selección tras finalizar o proceso de selección.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN

Os membros do Comité realizarán a selección dos proxectos atendendo aos seguintes criterios:

- Calidade técnica-artística dos materiais presentados co formulario de inscrición.
- Viabilidade comercial do proxecto e a súa proxección internacional.
- Representatividade de linguas, comunidades, persoas e temáticas diversas e inclusivas.
- Representatividade equilibrada de xénero nos equipos dos proxectos audiovisuais seleccionados.
- Representatividade xeracional equilibrada, con especial atención á incorporación de mozos e mozas menores de 30 anos.

A listaxe de proxectos seleccionados publicárase na páxina web www.clusteraudiovisualgalego.com.

A convocatoria poderá ser declarada total ou parcialmente deserta, no caso de non haber suficientes proxectos cun nivel de calidade e viabilidade axeitado, a criterio do Comité de Selección, e tras ter sido proposta esta declaración por unha maioría dos membros do Comité.

O Clúster Audiovisual Galego destruirá a documentación dos proxectos que non resultaran seleccionados.

6. FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN

A organización comunicará ao mail facilitado no formulario de inscrición a selección dos proxectos que participarán no 'I+ P, Ideas para Producir'. No caso dos proxectos

seleccionados, os solicitantes deberán de formalizar o seu rexistro no prazo indicado pola organización, aboando, mediante transferencia bancaria, a cota de inscrición correspondente:

- a. Empresa socia do Clúster Audiovisual Galego: 120€**
- b. Empresa socia doutro clúster audiovisual pertencente a REDCAU: 200€**
- c. Empresa non socia dun clúster audiovisual pertencente a REDCAU: 225€**
- d. Guionista, director ou produtor individual: 155€**
- e. Asistente sen proxecto (empresa socia do Clúster Audiovisual Galego): 80€**
- f. Asistente sen proxecto (empresa socia doutro clúster audiovisual pertencente a REDCAU): 100€**
- g. Asistente sen proxecto (empresa non socia dun clúster audiovisual pertencente a REDCAU): 115€**
- h. Asistente adicional ao pitching I+P: 50€**

A estes importes engadiráselles o IVE.

A cota de inscrición é válida para unha persoa e inclúe a asistencia ao pitching e á comida de traballo. No caso de querer asistir acompañado, deberanse de indicar no formulario de inscrición os datos dos asistentes adicionais. Por cada asistente adicional deberase de aboar unha cota de 50 euros máis IVE.

No caso de cancelación de asistencia dalgún dos inscritos, non se devolverá o importe aboado.

Non se poderá presentar o mesmo proxecto en máis dunha edición do I+P.

7. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no I+P, IDEAS PARA PRODUCIR supón a plena aceptación das presentes Bases que poden ser consultadas na páxina web www.clusteraudiovisualgalego.com.

O Clúster Audiovisual Galego resérvase o dereito de retirar ou modificar o desenvolvemento do programa, para o cal se informará a través dos mesmos medios nos que se publicou a iniciativa, modificando as Bases se o considerase oportuno.

En caso de controversia ou discrepancia derivada da interpretación destas Bases, prevalecerá o criterio do Clúster Audiovisual Galego.

8. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos de carácter persoal proporcionados polos solicitantes son indispensables para a xestión da súa solicitude para o pitching I+P, IDEAS PARA PRODUCIR por parte do Clúster Audiovisual Galego. O Clúster Audiovisual Galego tratará os datos persoais dos solicitantes coa exclusiva finalidade de levar a cabo a xestión, valoración e, no seu caso, aceptación da solicitude remitida para poder participar no pitching I+P, IDEAS PARA

PRODUCIR. O tratamento dos datos realizarase durante o tempo que sexa necesario para o cumprimento das obrigas legais.

O Clúster Audiovisual Galego cumpre con todas as obrigas establecidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, (en adiante, RGPD) así como, na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (en adiante, LOPD).

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se no Clúster Audiovisual Galego estamos tratando datos persoais que lles concirnan, ou non.

O titular dos datos ten os seguintes dereitos:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos, portabilidade ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fines que foron recollidos.
- Dereito a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.
- Dereito a opoñerse ao tratamento dos seus datos, nese caso deixarán de tratarse os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control competente, Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Para exercitar os seus dereitos poderá facelo enviando unha comunicación, por correo postal a Clúster Audiovisual Galego. Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n. Edificio FEUGA. Campus Vida. 15705-Santiago de Compostela ou ao mail: cluster@clag.es.

Co envío do formulario online a través de www.clusteraudiovisualgalego.com o solicitante consente o tratamento dos datos persoais facilitados, nos termos indicados na páxina web.

9. DEREITOS DE IMAXE E COMUNICACIÓNS

Os solicitantes outorgan o seu consentimento expreso e gratuíto para autorizar ao amparo da Lei Orgánica 1/82 de 5 de maio de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, ao Clúster Audiovisual Galego para fotografar e gravar a súa imaxe durante o desenvolvemento das actividades do I+P, IDEAS PARA PRODUCIR. Ditas imaxes poderán ser utilizadas en calquera actividade publicitaria e/ou promocional levada a cabo polo Clúster Audiovisual Galego que garde relación co propio Clúster Audiovisual Galego ou co I+P, IDEAS PARA PRODUCIR.

Os datos que se recaben de ditas imaxes, serán incorporados nun ficheiro, que será responsabilidade do Clúster Audiovisual Galego con domicilio en Rúa Lope Gómez de

Marzoa, s/n Edificio FEUGA – Campus Vida 15705 – Santiago de Compostela, coa única finalidade da utilización do contido das fotografías e gravacións para as finalidades descritas.

As comunicacións entre a organización e os solicitantes serán efectuadas a través da dirección de correo electrónico e/ou o teléfono facilitados no formulario de inscrición.

Por último, calquera aspecto non aclarado por estas bases poderase consultar co equipo de dirección e coordinación a través do correo electrónico: comunicacion@clag.es. Tamén se poderán formular as dúbidas, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, por teléfono no número +34 669 508 738.

ORGANIZA:



SUBVENCIONA:



COLABORADORES:



PATROCINADORES:

